

CAMPAMENTO VERÁN 2024

INFORMACIÓN XERAL

IDADES: Crianzas a partir de 3 anos (cumpridos e autosuficientes) ata 16 anos.

HORARIO: de luns a venres de 8:30 a 15:30h. Matinal 7.30 a 8.30

QUENDAS

Xuño: do 24 ao 28.

Xullo completo: do 1 ao 31

1ª Quincena xullo: do 1 ao 15 de xullo

2ª Quincena xullo: do 16 ao 31 de xullo

Agosto completo: do 1 ao 30

1ª Quincena agosto: do 1 ao 14 de agosto

2ª Quincena agosto: do 19 ao 30 de agosto

Setembro: de 2 ao 10

ADEMAIS EN AGOSTO...

CAMPAMENTO DE LECER CREATIVO

A partir de 12 anos con obradoiros temáticos por quincenas.

*De balde para socias/os no caso de ser subvencionado pola Xunta.

DATAS E PRAZOS

Prazo para as inscricións:

✓ Do 07/05/24 ao 16/05/24*

Publicación das listas de persoas admitidas:

✓ 27/05/24*

Data límite de pago de XUÑO E XULLO:

✓ 02/06/24

Data límite de pago de AGOSTO E SETEMBRO:

✓ 10/07/24

* Ese día pecharemos o proceso de inscrición, as fichas que se entreguen despois, estarán condicionadas a que queden prazas libres unha vez feitas as listas de admisión.

* Nestas listas estarán todas as persoas admitidas nas correspondentes quendas ata esa data. Pero para as quendas de agosto e setembro amplíase o prazo de modificación da solicitude ata o 1 de xullo. Saíndo a **lista definitiva** para estas quendas o **3 de xullo**.

PROCESO DE ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE PRAZAS

As prazas ofertadas adxudicaránse seguindo a seguinte orde:

1º Familias usuarias da ludoteca de tarde durante o ano.

2º Familias socias.

3º Daráselle preferencia ás crianzas que elixen o mes completo sobre os que elixan unha quincena. E aos que escollan máis quendas. (Tras a adxudicación da praza non se admitirán modificacións do período solicitado).

4º Orde de inscrición.

As fichas de preinscrición poderán descargarse da páxina web ou solicitarse nas oficinas do Centro Veciñal en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h. Deberán entregarse NAS OFICINAS no horario arriba referido a partir do 7 de maio e ATÉ O 16 DE MAIO. Despois seguiremos collendo as fichas pero as persoas que o soliciten fóra do prazo terán que esperar a se quedan prazas libres.

Trala recepción da ficha de preinscrición, o **Centro Veciñal enviará un correo electrónico para confirmar os datos e as quendas solicitadas.** Tralo envío deste correo teredes **3 días para realizar as modificacións oportunas** para as quendas de xuño e xullo. Para as quendas de agosto e setembro o prazo amplíase ata o 1 de xullo.

Se a **día 20 de maio** no recibistes este correo deberedes **reclamalo enviando un correo a:** campamentocvcvalladares@gmail.com

Unha vez **adxudicada a praza**, deberán facer efectivo o **pago do mes ou quincena antes do fin do prazo** establecido neste documento nas oficinas (en efectivo ou con tarxeta) ou, **preferiblemente**, facendo unha **transferencia no número de conta ES16 2080 5082 3130 4000 1487 co nome da crianza en concepto** e enviando unha copia do pago a campamentocvcvalladares@gmail.com. **De non ter constancia do pago na data límite, procederase á adxudicación da praza á seguinte persoa na lista de espera.**

PREZOS

MES: Soci@s 110€ 2º fill@ 100€ | Non soci@s 150€ 2º fill@ 140€

QUINCENA: Soci@s 65€ 2º fill@ 60€ | Non soci@s 90€ 2º fill@ 85€

XUÑO: Soci@s 35€ | Non soci@s 55€

SETEMBRO: Soci@s 50€ | Non soci@s 70€

DÍAS SOLTOS*: Soci@s 10€ | Non soci@s 20€

*As crianzas que precisen acudir por días soltos deberán informar á oficina do Centro Veciñal ou no enderezo electrónico: campamentocvcvalladares@gmail.com cun día de antelación mínimo. Haberá un número limitado de prazas distribuídas por idades. Unha vez completadas, non se poderán acoller máis crianzas.

AULA MADRUGA (de 7:30 a 8:30h):

MES: Soci@s 25€ 2º fill@ 20€ | Non soci@s 45€ 2º fill@ 40€

QUINCENA: Soci@s 15€ 2º fill@ 10€ | Non soci@s 25€ 2º fill@ 20€

XUÑO: Soci@s 7€ | Non soci@s 16€

SETEMBRO: Soci@s 12€ | Non soci@s 21€

DÍAS SOLTOS: Soci@s 3€ | Non soci@s 10€

DEVOLUCIÓN

Se se abona a praza e finalmente a crianza non pode asistir, só se devolverá o importe nos seguintes casos:

- Enfermidade, accidente ou semellantes (deberá achegar o xustificante médico).
- Enfermidade ou accidente dun familiar (deberá achegar xustificante).

Pregamos se comunique na maior brevidade posible para poder adxudicar a praza a outra persoa da reserva.

OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO

- Non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
- Identificarse para a recollida das crianzas á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizadas na solicitude.
- Respetar as normas establecidas polo monitorado do campamento, así como ás de réxime interno das instalacións.
- **Non se permiten aparatos electrónicos de ningunha índole (teléfonos, reloxo intelixentes, maquinas,...), xoguets, nin obxectos de valor.** O Centro Veciñal non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro. De ser detectados, seranlle retirados ata a saída dese día.
- **As crianzas menores de 12 anos, que traian cartos para ir a cafetería, deberán traer unha autorización DIARIA, que dispoñemos para tal efecto. O monitorado non acompañará a crianza nin se fará responsable dos extravíos de cartos, por iso aconsellamos merendas saudables preparadas na casa. Ademais en AGOSTO a cafetería permanecerá PECHADA no horario de mañá.**

IMPRESINDIBLES

- **Roupa e calzado cómodo**, que permita xogar e facer obradoiros. Colocar o nome.
- **Gorra e mochila** . Colocar o nome.
- **Auga e merenda** para a media mañá.
- **Protección solar** : aplicala na casa antes de saír.
- **Roupa de muda:** Deixarase, no campamento, unha muda completa (incluído calzado) por se sucedera algún imprevisto.
- **No caso de actividades de auga:** toalla de praia, roupa de baño e calzado (serán avisados polo monitorado nos días anteriores á actividade).